

Que é REINVENTIO Compostela?

É un evento creado polo equipo de Xeracción XV para compartir historias de reinvención no ámbito do emprego. Os asistentes e as asistentes poderán escoitar as experiencias de 5 participantes que deron un paso á fronte para estar máis cerca de ser os/as profesionais que sempre quixeron ser. Cada relator/a ten uns 10-12 minutos para compartir a súa historia, despois disto haberá unha quenda de preguntas, así como networking é dicir, tempo para coñecernos, comentar e compartir as nosas anécdotas nun ambiente relaxado.

Como vemos nós a reinvención?

A reinvención é decatarse de que algo non está funcionando na túa vida e saber que lle tes que dar unha volta, virala como a unha tortilla. Xa o dician os nosos avós, “saír dun souto para meterse noutro” E neste último souto as castañas son ben saboridas. Tamén é o espírito de descubrirse a un mesmo e a unha mesma, de valorarse, de erguerse cando caemos e con máis forza que antes, iso é a reinvención. Saír con forza e inzado de folgos cara a novos retos, cara a novas inxedanzas e proxectos que na inmensa maioría dos casos nunca pensamos que íamos chegar a facer.

Quen é Xeracción XV?

XerAcción XV é un movemento de acción social cooperativa baseado na xeración de oportunidades de cara a mellorar a empregabilidade dos seus e das súas integrantes; a volta á esencia do noso ser social. Nado do Proxecto Colabora de fomento do emprendemento social e o intraemprendemento e organizado desde o Concello de Santiago de Compostela. Nas **áreas de economía social** e desde **promoción económica**

Composto por un equipo de 15 profesionais de diversos sectores en situación actual de desemprego, XerAcción XV é una aposta pola empatía, a resposta ao desengano cos xeitos tradicionais de busca de emprego. Trocamos inmovilismo, falta de perspectivas e perda de autoestima por ACCIÓN. Por participación activa nun ambiente de solidariedade, por unha , pola responsabilidade compartida na busca proactiva de novas posibilidades profesionais e persoais. Por non deixar de ilusionarnos.

Se aínda tedes curiosidade ou queredes saber máis sobre o que facemos, ou sobre nós...Podedes visitar o noso blogue <https://xeraccionxv.wordpress.com/>, as nosas redes sociais ou dirixirvos a calquera de nós durante o evento!

Encantaríanos moito saber de vós!.

REINVENTIO COMPOSTELA

Historias de reinvención persoal


Mércores, 6 de Abril ás 20:30



Rúa do Vilar Nº17

Organiza:

XerAcción XV



Programa:

Educultoras

Chus Prol

Emmanuel K. Yawson

Lucas Requejo

Xaime Cortizo

Estrea da curta de XerAcción XV
Dirixida por Illa Bufarda

Colaboran:

